



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E
THE LONDON INSTITUTE S.L. PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS
ACADÉMICAS EN OFICINAS DE TURISMO DEPENDENTES DE TURISMO DE
GALICIA**

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **Dña. Mª Nava Castro Domínguez**, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 34/2013, de 21 de febreiro e de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, de 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en nome e representación da Axencia Turismo de Galicia, con C.I.F. Núm. Q1500394-J, y con domicilio social en, estrada Santiago-Noia, km.3, 15897, Santiago de Compostela.

Doutra banda, **Mª Isabel Cainzos Teijido**, con DNI 32.543.933-Z, en representación de The London Institute S.L. con CIF B-15.421.944

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a celebración deste **Convenio de Cooperación Educativa para a realización de prácticas académicas**, polo que

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das



competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo. Para lograr esta finalidade Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a The London Institute ten como finalidade a impartición das ensinanzas necesarias para a capacitación das persoas que van dedicarse profesionalmente ás actividades relacionadas co turismo e dentro dos cometidos de The London Institute está a de organizar prácticas en empresas e institución relacionadas co turismo, de xeito que exista una interacción entre a formación e o mercado laboral. The London Institute é o único centro homologado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria na comarca de Ferrol para a impartición das seguintes especialidades de formación profesional ocupacional:

- HOTI0108 - Promoción Turística Local e Información ao Visitante.
- HOTG0208 - Venda de Produtos e Servizos Turísticos.
- HOTG0108 - Creación e Xestión de Viaxes Combinados e Eventos

Terceiro.- Que é vontade da Axencia Turismo de Galicia e The London Institute S.L. facilitar a integración laboral dos alumnos, e para iso conveñen, segundo as seguintes cláusulas, facilitar a realización de prácticas non laborais na devandita entidade, preferentemente nas Oficinas de Turismo de Ferrol, Coruña e Santiago.

CLÁUSULAS

Primeira. – Obxecto


O obxecto deste convenio é a regulación das prácticas académicas entre a Axencia Turismo de Galicia (entidade colaboradora) e The London Institute (centro de formación) para facilitar



a preparación para o exercicio profesional dos estudantes en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados promovendo así o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados.

A realización destas prácticas externas ven regulada na seguinte normativa:

- Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, publicado no BOE nº 27 do 31 de xaneiro de 2008.
- Real Decreto 1376/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional Hostalería e Turismo que se inclúen no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade”, publicado no BOE nº 216 do 6 de setembro de 2008.
- Real Decreto 1675/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados en súa aplicación, publicado no BOE nº 249 do 17 de outubro de 2013.



SEGUNDA.- PROGRAMA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

O programa de prácticas académicas externas na Axencia Turismo de Galicia cumprirá as seguintes características:

- Os alumnos de The London Institute poderán realizar prácticas en calquera das Oficinas de Turismo dependentes da Axencia Turismo de Galicia, preferentemente nas oficinas de Ferrol, Coruña e Santiago.



- A duración das prácticas deberá axustarse á lexislación vixente e á normativa complementaria.
- O horario de prácticas procurará, en todos os casos, a adaptación cos horarios lectivos para que o alumno/a teña as maiores facilidades na súa práctica académica externa e na continuación dos seus estudos.
- Por cada estudante que realice as prácticas formativas na entidade colaboradora asinarase un documento segundo o modelo normalizado no anexo no que deberán constar as datas de realización das prácticas e o horario e os titores asignados.
- Os riscos de accidente ou enfermidade dos alumnos serán cubertos en todo caso polo Seguro Escolar, polo que a Axencia Turismo de Galicia non se fai responsable dos devanditos riscos.
- Con anterioridade á sinatura do convenio o alumno/a asinará un documento onde manifieste o seu compromiso de gardar confidencialidade sobre aqueles asuntos dos que teña coñecemento por razón de servizo durante a realización das súas prácticas e recoñeza que non existe vinculación laboral de ningún tipo coa Axencia Turismo de Galicia nin obriga de contratación posterior por parte desta.
- O centro de formación dispón dun seguro de accidentes dos alumnos e dunha póliza de seguro de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e persoas poidan derivarse da realización das devanditas prácticas, dos que se achega copia anexa a este documento.

TERCEIRA.- TITOR/A

O Centro de Formación poñerá un/unha titor/a de prácticas ao servizo do/a alumno/a.

A Axencia Turismo de Galicia designará un titor para o seguimento e avaliación das prácticas. Ao remate do período de prácticas, a Axencia Turismo de Galicia emitirá unha certificación na que se fará constar a duración, as actitudes e o contido das prácticas realizadas asinado polo/a titor/a. A certificación deberá asinarse ademais por ambos os dous titores, segundo establece o artigo 25 da Orde 1897/2013, de 10 de outubro.



CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

The London Institute e a Axencia Turismo de Galicia comprométense a cumprir coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de carácter Persoal (LOPD) e de normativa de desenvolvemento, en concreto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

En caso de que, en virtude do presente convenio, calquera das partes comunique á outra datos de carácter persoal, a entidade cedente expresamente manifesta e garante á cesionaria que cumpre coa totalidade das obrigas e previsións contidas na LOPD e na normativa de desenvolvemento desta, con respecto aos devanditos datos.

QUINTA.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

Pola realización das prácticas, nin The London Institute nin o/a alumno/a recibirán ningunha subvención nin contraprestación por parte da entidade colaboradora.

A sinatura deste convenio non implica polo tanto, asunción de obrigas económicas para a Axencia Turismo de Galicia.

SEXTA.- DISPOSICIÓN COMÚN

De conformidade co establecido na normativa en que se fundamenta este Convenio, o período de prácticas non constituirá, baixo ningún concepto, relación laboral entre o alumnado e a Axencia Turismo de Galicia nin con The London Institute. En ningún caso se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente. Por conseguinte, as prácticas do estudante en ningún caso terán carácter laboral, quedando expresamente excluído da lexislación laboral.



SÉPTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do presente convenio, formada por dous representantes de The London Institute e dous da Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo, esta Comisión resolverá as cuestións litixiosas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio sendo os acordos por esta adoptados inmediatamente executivos. Será Presidente da Comisión un representante da entidade colaboradora.

OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do artigo 4.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente Convenio serán resoltos en primeira instancia pola Comisión de Seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltos na comisión, someteranse á resolución dun procedemento arbitral.

NOVENA.-ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO

1. Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2 Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A

sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.


DÉCIMO PRIMEIRA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados ao comezo.

Pola Axencia Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

Por "The London Institute"



Tfn.: +34 981 36 40 10
info@londoninstitute.com
www.londoninstitute.com
Avenida do Rei 72
15462 Ferrol (A Coruña)
CIF: B15421944

Mª Isabel Cainzos Teijido

ANEXO I

**RELACIÓN NOMINAL DE ALUMNOS QUE REALIZARÁN PRÁCTICAS
ACADÉMICAS NA AXENCIA TURISMO DE GALICIA SEGUNDO SE RECOLLE
NA CLÁUSULA SEGUNDA DO CONVENIO ASINADO ENTRE A AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E THE LONDON INSTITUTE**

CURSO: _____

ALUMNO (apelidos e nome)	D.N.I.	PERÍODO DE PRÁCTICAS	CENTRO	TITOR